

## TOTALIDADE DO CORPO

Con *O tributo da tarde*<sup>1</sup> Rafa Villar acada o número simbólico da totalidade -o cinco-, pois, se quintuple é a suma das partes que compoñen o corpo humano e a dos eixos que definen o universo, tamén o é o conxunto da súa obra poética que abrangue xa cinco volumes. Da primeira sección corporal, a cabeza, nacían as reflexións metaliterarias da obra primoxénita: *Liques da memoria* (1992), onde se valoraba a esencia da palabra poética e as súas posibilidades. Son esas primeiras páxinas que aínda aparecen nos versos de *O tributo da tarde*:

*Xa case perdín  
na retina  
o reflexo da brancura  
das primeiras páxinas,  
que emborranchaba  
con urxencia  
ao que caía a noite.*

A poética de Rafa Villar abandona logo o centro intelectual para darlle prioridade ó corazón. Nace así unha temática amorosa que ten o primeiro froito en *O devalo do mar* (1994) e que se continúa, creando un tronco común, en *No mesmo espacio* (1995). Nestas obras comeza a construción dun cosmos harmónico no que se entra mediante a relación erótica. Os amantes acadan así unha comunión que vai máis aló do puramente físico, vivencia que perdurará en poemarios posteriores como un fío continuo e irrompible:

*Algún día  
-case por casualidade-  
descubrimos  
como fere a tenrura,  
e desde entón  
xa nada foi igual  
para as nosas mans,*

---

<sup>1</sup> Toxosoutos, Noia, 1997.

*nin a cor da paisaxe*

*foi a mesma*

Os brazos acadan unha función motriz en *A sotavento dunha singradura* (1995) como forzas vivas para a consecución dun futuro mellor na liberación da terra. Remando xuntos nesa nave que nos leva por un mar sonámbulo e escuro lograremos chegar á terra prometida onde esquecer os anos de invernía e pedra na mordedura vivificante da luz. Esta singradura dálle sentido ó exercicio da escrita, ós xestos máis pequenos de rebeldía, como se conclúe neste momento da reflexión pois:

*En canto estendo os soños*

*nesas singraduras inacabadas,*

*sei que alguén*

*noutro lugar*

*(se cadra distante)*

*emprende o mesmo xesto*

*(acaso en van).*

*O tributo da tarde* vén completar o corpo poético coas pernas dese camiñante que avanza pola mariña no solpor, recordando os os momentos decisivos da súa vida, as presencias transcendentais nela. O camiñar continuado e reflexivo deste ser canso e solitario ten un motivo: procurar unha tregua na batalla contra o baleiro do azul, contra o enigmático voo das horas, contra o sal das lágrimas, contra o ataque a traición da chuvia e do sol, en definitiva, contra a vida e a súa dureza cotiá. No crepúsculo, cando o tempo se estanca, a tregua ofrécese en forma de palabra poética que lle permite ó ser liberarse das ligaduras cronolóxicas que o tiranizan pois aínda que:

*Parece como se os días*

*pasasen distintos,*

*cargados de matices diferentes*

*e arrincándonos fragmentos*

*de pel.*

*No fondo somos nós*

*os que amencemos*

*con outros rostros*

A constatación do paso do tempo trae unha tranquilidade resignada para este ser que se sente en harmonía co entorno e vai chegando a esa sabiduría lúcida que dan os anos. A caída da tarde demórase como os pasos do camiñante sobre a area, co sosego das ondas suaves e lentas, por máis que un vento encolerizado se empeña en perturbar esta prazidez co recordo dos que xa non están. Mais, a lembranza dos que amamos acada un valor de aperta solidaria que sitúa ó eu poético no centro dun fluxo de sentimentos positivos facilitándolle o exercicio de auto-coñecemento. Sen embargo, o tributo a pagar pola introspección é tan alto como asumir a propia finitude, prezo que o eu poético paga gozoso como forma de pervivencia:

*Agora que as xestas  
(e o inverno)  
conseguiron borrar  
un anaco do tempo noso,  
eu digo  
que han pervivir  
nos nosos corazóns  
os camiños trazados,  
porque naqueles pasos  
soubemos aprender a vida  
en toda a súa extensión,  
e de non ser así,  
hoxe teríamos outros acantilados  
e as mans seguro que máis frías.*

Así, desde a totalidade do número cinco -cinco obras, un corpo completo- podemos rematar o noso periplo pola tarde e polos versos de Rafa Villar conscientes de que o paso do tempo non é máis que un tributo á sabiduría que nos fai máis libres e máis felices.

TERESA SEARA

*A Nosa Terra*, 797, 25-9-1997, p. 23.